

FESTAS DO CORPUS



O CORPUS EN LUGO

LUGO, A CIDADE DO SACRAMENTO

Na actualidade, a cidade de Lugo coñécese coa denominación de **Cidade das Murallas**, dun xeito especial trala declaración como Patrimonio da Humanidade deste monumento. Pero dende moito tempo antes, a urbe era coñecida -e segue a selo- como **Cidade do Sacramento**, denominación que ten a súa orixe no privilexio de ter exposto día e noite, todos os días do ano, no Altar Maior da Catedral, o Santísimo Sacramento, nunha fermosa custodia-ostentorio.

Non existe ningún documento que acredite o comezo deste privilexio eucarístico. O motivo fundamental foi a devoción dos lucenses á Eucaristía. Este feito non se orixinou da noite para a mañá, senón que foi madurando co paso do tempo, e a forma desa expresión, que cambiou co paso do tempo, puido orixinarse en torno ao século XIV.



A exaltación do Corpo de Cristo é unha das celebracións máis sinaladas da Cristiandade dende os tempos medievais. En Lugo, como froito da exposición permanente do Santísimo Sacramento na Catedral, esta festa adquiriu unha relevancia extraordinaria. As rúas cúbrese de alfombras multicolor confeccionadas con flores. A solemne Eucaristía está presidida polo bispo e é seguida por multitude de fieis que acompañan ao Santísimo na súa procesión polas rúas máis distinguidas da zona antiga; ao seu paso, a comitiva é honrada con pétalos de flores.

Outro dos momentos máis destacados é a Ofrenda que realizan os concellos das sete capitais galegas do Antigo Reino de Galicia Galicia - Lugo, Santiago, A Coruña, Ourense, Betanzos, Mondoñedo e Tui- ao Santísimo Sacramento. Unha cerimonia que simboliza como ningunha outra a unión de todos os galegos e galegas ao redor das nosas tradicións.



Ademais de ter a honra de ser os anfitrións desta celebración, a cidadanía lucense ten tamén o privilexio de ser ver no centro do escudo de Galicia, xa que o cáliz e a hostia representan á Catedral. O cáliz está rodeado polas sete cruces das sete capitais galegas, unha das cales simboliza, polo tanto, a Lugo.

A ORIXE DA OFRENDA

Documentalmente, sabemos que o 13 de outubro de 1618, o Cabildo da Catedral solicita axuda “á súa maxestade” para “ter con máis veneración ao Santísimo Sacramento”. O 8 de abril de 1656 acórdase que “día e noite” alumeen permanentemente dous cirios ante o Señor Sacramentado.

Galicia, no século XVI dividíase en sete provincias: Santiago, Lugo, Tui, Mondoñedo, Ourense, Betanzos e A Coruña. División que pervive ata o ano 1833, que é cando se crean as catro provincias actuais.

O 2 de outubro de 1666, D. Juan Belo, Canónigo-Magistral de Púlpito de la Catedral de Lugo, presenta ao Cabildo a idea de pedir á Xunta do Reino de Galicia algunha renda para a Catedral para o gasto diario do culto ao Santísimo. Pídese axuda e protección para soste o culto, especialmente no que se refire ao alumeado.

O 9 de febreiro de 1669, a Xunta do Reino atende favorablemente á petición solicitada polo Cabildo e acorda destinar un donativo para a atención do culto: *"que cada ano se ofrezca, na Misa Maior, día de Corpus Christi, no nome deste católico Reino"*. A cantidade debería ser suficiente para que coa renda se puidese atender o gasto de catro candeas que alumeasen día e noite ante o Santísimo.



O CERIMONIAL

Dende 1925 ata os nosos días celébrase o rito da Ofrenda do mesmo xeito. Anteriormente fíxose de formas diferentes. A preocupación eucarística do bispo Frei Plácido Ángel Rey de Lemos impúlsao a propor aos mandatarios municipais das sete cidades do Antigo Reino de Galicia que, por turnos rotatorios anuais, o alcalde de cada cidade, ou un delegado seu, presente a ofrenda.



A orde que se establece entre as sete cidades é: Lugo (que fai a ofrenda no ano 1926), A Coruña (1927), Santiago de Compostela (1928), Ourense (1929), Mondoñedo (1930), Betanzos e Tui. Nos anos 1931 que lle correspondía facer a ofrenda a Betanzos, e no 1932, que lle correspondía a Tui, non o fan por motivos socio-políticos, e fai a ofrenda a Adoración Nocturna Lucense.

No ano 1933 fai a ofrenda Betanzos, no 1934 Tui, e no ano 1935 Lugo; no 1936 A Coruña... e recupérase outra vez o turno establecido.

No ano 2012 Tui cedelle o turno a Lugo para celebrar o remate das importantes obras de rehabilitación que se levaron a cabo na Catedral Basilica de Santa María.



Dende entón, a comitiva cumpre a súa promesa cada mes de xuño, ano tras ao, en Lugo. A comitiva diríxese á Catedral dende o Concello e, acabada a ofrenda, acompaña ao Santísimo na procesión pola cidade. Este acto desenvólvese o segundo domingo despois da festividade do Corpus Christi e foi declarado Festa de Interese Turístico Galego.

O Corpus non é só un feito relixioso e litúrxico. É tamén unha celebración con destacados matices sociais, que une á cidade en torno a unha tradición e enche as rúas de movemento e cor.

FESTIVAL DE MÚSICA CIDADE DE LUGO

Durante estes días, un intenso programa festivo enche toda a cidade. Pola súa dimensión sobresaen o Festival de Música Cidade de Lugo, que coas súas 41 edicións constitúe xa unha referencia da música clásica en Galicia.

A Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo organiza, coincidindo coa Semana do Corpus, o Festival de Música Cidade de Lugo, considerado xa o mellor festival de música clásica de Galicia e que inclúe diferentes estilos musicais repartidos en diferentes concertos a cargo de figuras destacadas do panorama lírico mundial.

O Corpus é a ofrenda do Antigo Reino de Galicia ao Santísimo, son celebracións vivas, fitos nunha cidade que, hoxe coma antano, asume estes actos como unha referencia histórica e espiritual da súa propia identidade.

